



Rubén Arroxo
Candidato á
alcaldía

**Programa
de Goberno**

2023-2027

#CambiandoLugo

#LugoMereceMáis



Os concellos constitúen o primeiro e decisivo chanzo para desenvolver políticas verdadeiramente transformadoras que melloren a vida das clases populares, que contribúan para facer medrar a cohesión social e a autoestima do noso País. Os concellos, como institución, tamén poden e deben



implicarse na defensa da Galiza, da nosa lingua, da nosa cultura, da igualdade real de xénero, da democracia e dos dereitos nacionais do noso País e dos dereitos individuais que como persoas temos dentro da sociedade.

Nos últimos catro anos o concello de Lugo protagonizou un gran cambio. A acción do BNG xestionando 5 áreas do goberno municipal fixo que Lugo pasara de ser un concello totalmente paralizado a ser un concello vangardista, con espazos pensados para o benestar das persoas, cun alumeadado público eficiente e renovado e cunha programación cultural que encheu de vida non só os espazos culturais, senón tamén as nosas prazas e rúas. En definitiva, agora todas e todos podemos desfrutar dun novo Lugo, cunha maior calidade de vida para todas as persoas, un Lugo máis amable e participativo.

Pero Lugo merece máis:

Cunha alcaldía do BNG poderemos facer que Lugo complete o cambio que precisa, un cambio que fará que todas as persoas sintamos o orgullo de ser de Lugo.

Lugo é a única cidade do estado incluída na Reserva da Biosfera, un patrimonio verde que temos a obriga de protexer e potenciar.

Continuaremos a traballar para protexer o Parque do Rato, o principal expoñente do cinto verde de Lugo, e seguiremos a crear novos espazos naturais no concello para contribuír na loita contra os efectos do cambio climático.

Continuaremos a avanzar nunha mobilidade pensada para as persoas, con espazos peonís seguros en todos os barrios, espazos públicos como os 15 que xa habilitamos nos distintos barrios, como a Milagrosa, en Recatelo ou no Sagrado Corazón, cun total de 18.000 metros cadrados de novos espazos sen coches, potenciando a convivencia entre as distintas xeracións.

Traballaremos para que o urbanismo de Lugo se adapte á realidade da cidade e ao futuro que nos espera. No vindeiro mandato será prioritario completar a segunda rolda, para unir Agro do Rolo coa Rolda do Carme, que leva pendente desde o ano 1969. Isto permitiranos avanzar na humanización da Muralla, ao acadar unha redución do tráfico que acolle, chave para comezar a peonalización do treito norte, entre a Avenida da Coruña e a porta do Bispo Odoario, realzando o noso monumento máis importante: a única muralla romana que se conserva completa, un patrimonio que pon a Lugo á altura das principais cidades do mundo, como París coa Torre Eiffel ou Nova York coa Estatua da Liberdade.

Reivindicaremos ás outras institucións as necesidades de Lugo en materia de Infraestructuras. Autovías e ferrocarril protagonizan as grandes débedas que os distintos gobernos da Xunta e do Estado manteñen con Lugo. É preciso que o Concello lidere estas reclamacións, coas mans libres para traballar por e para Lugo.

Este é o Lugo no que traballamos nestes catro anos e no que traballaremos a partir do día 28: o Lugo que está a cambiar, o Lugo co que soñamos todas e todos.

Traballaremos por este Lugo co convencemento de que é posible mudar as cousas. No último mandato fomos quen de cumprir o 95% do programa nas cinco áreas de goberno que xestionamos, queremos seguir traballando para cumprir o 100% das nosas propostas e facer de Lugo un lugar mellor onde vivir e traballar.

O camiño é longo, pero o paso non se vai deter. Contamos co teu apoio para seguir cambiando Lugo, que queda moito por facer!

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Rubén Arroxo', with a long horizontal stroke extending to the right.

Rubén Arroxo
Candidato do BNG á Alcaldía de Lugo

Emprego e Economía

Unha das premisas para poder garantir benestar e calidade de vida é poder contar cun traballo digno. No entanto, unha das peores consecuencias da crise e das políticas que se nos veñen impondo é a destrución de emprego ou os atrancos e dificultades para podermos desenvolver as nosas potencialidades económicas, xerando aínda maior empobrecemento, precarización e emigración. Por iso, a pesar das limitacións derivadas do rixido marco competencial, a nosa prioridade absoluta será a de abordar estratexias dirixidas a recuperar o dinamismo económico e a creación de emprego.

Apostamos por unha estratexia que permita planificar a actuación en sectores productivos propios que pauten procesos de recuperación económica, social e mesmo cultural. Son estes sectores tamén os que contribúen a unha loita activa contra o desemprego xa que neles podemos atopar grandes oportunidades para a contratación ou xacementos para proxectos innovadores de iniciativas e actividades profesionais. Por iso, desde o BNG traballaremos neste ámbito, desde unha perspectiva ampla.

- Reclamar a supresión da limitación á creación de emprego público destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais, establecida nas leis orzamentarias do Estado e da Galiza.
- Mellorar a xestión e control das concesionarias dos contratos públicos, para garantir un bo servizo á veciñanza.
- Aumentar a cantidade de trámites que se poden realizar de xeito telemático, garantindo a atención presencial para toda a veciñanza que o desexe.

- Promoción da economía local, incrementando o parque de locais en aluguer para pequenas e medianas empresas, loitando contra a especulación, de xeito similar ao realizado no barrio da Tinería.
- Promover axudas á contratación adaptadas ás necesidades reais das pequenas empresas de Lugo. Eliminar axudas a fondo perdido que rematan sen continuación laboral e sen aportar valor engadido ás PEMES.
- Apoiar á veciñanza demandante de emprego con programas de formación e adquisición das competencias profesionais máis demandadas, facilitando a inclusión laboral.
- Continuar coa mellora continua das infraestructuras dos Polígonos Industriais.

Servizos Sociais

Desde o BNG entendemos os Servizos Sociais como un dereito universal e, por tanto, debemos garantir que os recursos sexan repartidos con criterios claros, planificados cunha visión global e xustiza e que cumpra cos obxectivos para os que son destinados.

Os servizos sociais son unha cuestión de dereito a vida digna, que todos os galegos e galegas deben poder gozar independentemente do lugar de residencia. É por iso que a nosa primeira medida consiste en esixir da Xunta da Galiza o cumprimento das súas obrigas como administración competente na atención social no conxunto do País.

- Reorganización dos Servizos Sociais, comezando polo diagnóstico das distintas zonas encadradas en cada Centro Social, coa finalidade de determinar as problemáticas e os distintos perfís das usuarias e usuarios, para implementar unha programación adaptada a cada zona, incluído o rural, con programas específicos cando así se requira.
- Tratamento da zona rural acorde coa súa realidade específica, garantindo o acceso aos recursos nas mesmas condicións que na zona urbana.
- Garantir a cobertura áxil dos programas obrigatorios de servizos sociais comunitarios básicos, cuxa obrigación de informar e tramitar corresponde en exclusiva ao Concello.
- Impulsar o Servizo de Urgencia Social, ampliando tamén o horario de atención ás tardes.
- Conversión dos centros sociais en verdadeiros motores de dinamización social, facilitando na programación dos mesmos a realización de actividades programadas polo mesmo centro en

horarios fora das xornadas laborais habituais da poboación (tarde-noite e fins de semana).

- A xestión de usos dos espazos pola veciñanza e os colectivos sociais debe ser rápida, fácil e facilitadora, simplificando os procedementos burocráticos o máximo posible. O persoal de animación sociocultural debe ter un papel relevante na dinamización social das zonas tendo como centro de referencia o propio Centro Social para toda a poboación de dita zona. É preciso unha avaliación e control desta calidade das actividades.
- Promoción e impulso do Voluntariado Social como motor de solidariedade e compromiso da cidadanía de Lugo, liderando o contacto entre as persoas que queiran realizar voluntariado e os distintos colectivos, e facilitando a formación e a mellora de competencias das persoas voluntarias.
- Coordinación das distintas áreas de goberno para mellora dos espazos públicos, abordando de xeito integral as necesidades de cada unha das zonas da cidade para mellorar a calidade de vida da veciñanza.
- Transformar o programa de Atención ás Persoas Transeúntes e Sen Teito do Fogar do Transeúnte, ampliando a súa cobertura e o seu horario de atención, e axeitándoo as distintas realidades das persoas que atende.
- Apoiar o tecido asociativo e os proxectos e iniciativas de interese social que desenvolva, así como a prever a súa participación na vida pública. Haberá un incremento do apoio económico e unha actualización das cuantías de xeito áxil e periódico.
- Frear a externalización de prestacións dos servizos sociais comunitarios, garantindo a necesaria coordinación do Concello coas entidades do sector dos servizos sociais comunitarios.

- Mellora da accesibilidade en todos os aspectos para as persoas invidentes ou con discapacidade visual.
- Aplicar a accesibilidade cognitiva de xeito transversal, elaborando documentación de lectura fácil á hora de realizar trámites co Concello.

Igualdade

O BNG ten na súa esencia política a defensa dos dereitos das mulleres e a loita por unha sociedade verdadeiramente igualitaria. Nese sentido, levamos investido moitos esforzos e conquistado moitos obxectivos. Mais tamén constatamos que ningún dereito está asegurado se non se defende a cada día. Aínda é moito o que falta por conquistar, é preciso dar novos pasos para conseguir novos avances.

A violencia machista e o feminicidio continúan a ser unha lacra que ameaza permanentemente a seguranza e a vida das mulleres, aliás, nun contexto en que sectores reaccionarios pretenden de novo normalizar o machismo e a xustiza continúa a tratar as vítimas como culpadas en canto as súas decisións amparan e fomentan a comprensión cos agresores.

Neste contexto, é fundamental unha política activa desde os concellos que confronte o patriarcado, que defenda os dereitos das mulleres, que esixa mudanzas xurídicas e sociais, que denuncie a permisividade e as irracionais actuacións xudiciais, que implique a sociedade na loita pola igualdade e que despregue a súa propia programación para conquistala.

- Aposta pola transversalidade total das políticas feministas nas diferentes áreas do Concello de Lugo.
- Garantir os recursos suficiente para que a Casa da Muller poida dar un servizo de atención integral ás mulleres.
- Observar o bo funcionamento dos pisos de acollida, mellorando a coordinación da Casa da Muller cos Centros Sociais.
- Aumentar a formación do funcionariado en cuestións de xénero.
- Dar contido ó Foro de Igualdade, fomentando tamén así a participación das Asociacións.

- Reivindicar dende o concello a necesidade de dotar a Lugo dun xulgado específico de violencia de xénero.
- Romper co ritualismo de moitas campañas conmemorativas das datas que lembran a loita das mulleres para ir de verdade ao centro do problema, con propostas e mensaxes arriscadas e novas, que peten na conciencia colectiva, nomeadamente no 8 de marzo e no 25 de novembro.
- Incorporar a perspectiva LGBT nos principais plans e programas municipais, para garantir a transversalidade destas políticas.
- Apoiar, fomentar e dinamizar o asociacionismo LGBT.
- Conmemorar as xornadas relacionadas co colectivo LGBT entre as que destacan o Día da Visibilidade Trans, o Día Internacional da Visibilidade Lésbica, o Día Internacional contra a LGBTfobia, Día da Visibilidade Lésbica Galega, Día Internacional do Orgullo LGBT, Día da Visibilidade Bisexual ou Día da Memoria Trans.
- Garantir que a información municipal (formularios e rexistros) se adapte á diversidade familiar e de identidade de xénero.
- Incorporar cláusulas sociais na contratación pública, coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolver unha política a prol da igualdade

Mobilidade

Desde o BNG apostamos por garantir o dereito ao espazo público igualitario, adoptando decisións políticas valentes que pasen pola redución de tráfico non necesarios que garantan a sustentabilidade ambiental por riba de todo, especialmente na redución de emisións de CO2 e a diminución da contaminación acústica. En definitiva espazos públicos respirábeis e vivíbeis.

O obxectivo xeral é devolver o conxunto dos espazos públicos ás persoas. Para isto é preciso concibir o espazo público como dereito básico das persoas e unha obriga da administración, de importancia similar a outras prestacións sociais e servizos públicos. Implica, por tanto, dar prioridade absoluta ás persoas, acceso democrático e equidade no uso dos espazos públicos. Tamén tomar en conta a perspectiva de xénero no tratamento dos espazos públicos: desde o punto de vista simbólico, da seguridade e da mobilidade.

- Converter a Lugo na cidade dos 5 minutos, garantindo que todas as persoas teñan un espazo peonil dispoñible a menos de 5 minutos da súa casa, creando unha rede de puntos de convivencia peonís en todos os barrios.
- Potenciar o uso de medios de transporte alternativos.
- Avanzar na peonalización da Rolda da Muralla, completándoa na súa practica totalidade.
- Promover a finalización da Segunda Rolda, rematando o treito pendente entre Camiño Real e a Rolda do Carme.
- Incrementar a dispoñibilidade de aparcadoiros disuasorios, comezando pola creación dun novo aparcadoiro na contorna da Avenida das Fontiñas.

- Posta en marcha do servizo de taxi a demanda para as zonas do rural ás que non chega o bus, un sistema que permitirá cubrir o transporte público na totalidade do territorio municipal, conseguindo que todas as persoas, independentemente do lugar no que vivan, poidan desprazarse co prezo do billete de bus urbano.
- Avanzar na transformación das contornas escolares, seguindo o exemplo da rúa Gallego Tato
- Aumentar a cantidade de centros escolares que contan con vieiros escolares seguros.
- Peonalización da rúa Milagrosa, no treito entre Luís Seoane e a praza da Milagrosa, creando unha zona de paseo que una este barrio coa Muralla.
- Finalizar a peonalización do barrio de Recatelo, posta en marcha neste mandato desde a área de Mobilidade e Infraestruturas.
- Traballar pola renovación das rúas perpendiculares a Lamas de Prado.
- Executar a renovación integral do Carril das Flores, substituíndo a plataforma ubicada á altura de Montero Ríos por outro elemento que permita o acceso de luz natural ao Camiño Primitivo.
- Execución de sendas peonís similares á do CEIP Albeiros onde sexa preciso.

Infraestruturas

O BNG traballará en todas as institucións para que Lugo conte. Se queremos desenvolvernos economicamente e que se xere emprego teñen que existir comunicacións para que o noso concello estea á altura dos demais, obxectivo para o que o BNG traballa dende todas as institucións. Desde o BNG reclamaremos ás distintas institucións que cumpran coas débedas históricas que manteñen con Lugo en materia de infraestruturas e continuaremos, desde o goberno municipal, traballando para garantir a mellor calidade de vida a todas as veciñas e veciños do concello.

Avanzaremos para converter a Lugo nun concello amable, onde a accesibilidade e a comodidade para vivir esté garantido a todas as persoas, tendo en conta tamén aos colectivos vulnerables.

- Liderar desde o Concello de Lugo unha mesa técnica na que estén incluídas todas as administracións (Concello, Deputación, Xunta de Galiza e Goberno do Estado) para reclamar a execución e o correcto mantemento das infraestruturas. Esixiremos o remate da A-54 e da A-56, a renovación da A-6 e a conexión directa en ferrocarril con Santiago de Compostela, xunto coa modernización da liña Monforte - Lugo - A Coruña.
- Garantir o acaído mantemento dos viais e accesos no tecido urbano e rural.
- Impulso decidido de cara a eliminación total de barreiras arquitectónicas, garantindo a accesibilidade en todo o concello.
- Avanzar no soterramento do cableado no ámbito urbano, de forma prioritaria no casco histórico.

- Renovación e ampliación dos sistemas de evacuación de augas pluviais nos puntos onde están a darse problemas de inundacións reiteradas.
- Mellorar e renovar a rede de alumado público municipal, aplicando criterios de aforro enerxético, eficiencia lumínica e calidade técnica e estética.
- Aumento de persoal nas distintas brigadas municipais, servizos públicos que permiten realizar pequenas reparacións e levar adiante o mellor mantemento das infraestruturas e espazos municipais de xeito rápido e cun baixo custe para o concello.

Urbanismo

O urbanismo debe desenvolverse mediante unha planificación multisectorial, onde a mobilidade, a definición de estratexias de infraestrutura verde ou os procesos de naturalización urbana camiñan da man na procura dun Lugo saudábel e sustentábel.

En consecuencia, desde o BNG comprometémonos co desenvolvemento de estratexias de infraestrutura verde e naturalización urbana, priorizando a consolidación dos ámbitos preexistentes por diante de novos desenvolvemento de solo urbanizábel, fomentando a pluralidade de usos e a desconcentración de servizos, co obxecto de promover a cobertura universal das necesidades cotiás.

Temos como obxectivo facer bo urbanismo, unha ocupación sustentábel do territorio, con actuacións que melloren a calidade de vida e de prestacións públicas, sen condicionantes predeterminados, escollendo para cada necesidade as solucións administrativas e técnicas que se amosen máis axeitadas, implementando procesos internos que permitan axilizar a concesión de licencias e a solución de expedientes urbanísticos.

- Revisión do PXOM tendo en conta as necesidades das persoas e a realidade de Lugo, respectando o entorno natural e sendo responsables coa previsión demográfica.
- Apostar pola rehabilitación, incentivando a través de medidas fiscais e de promoción pública a recuperación dos barrios máis deprimidos urbanisticamente.
- Liderar proxectos entre administracións para facer fronte á degradación de barrios. Nesta liña apostaremos por continuar co ARRU da Milagrosa, promover a execución de obras a través do ARI do casco histórico.

- Revisión do PEPRI de cara a actualizalo, especialmente no referente a uso de materiais máis modernos e cunha menor pegada de carbono á hora de construír.
- Continuar co plan de recuperación urbana e de humanización do entorno do Camiño Primitivo, adecentando o seu espazo respectando o valor patrimonial, histórico e natural.
- Establecer medidas fiscais que favorezan a incorporación ao mercado de vivenda baleira.
- Posta en marcha dun plan de eliminación de tapóns urbanísticos, eliminando os elementos existentes que impiden unha accesibilidade real.
- Elaboración dun regulamento de vivenda de uso turístico.
- Reclamar á Xunta de Galiza a execución das obras de recuperación do Cuartel de San Fernando e a rehabilitación do barrio da Tinería, así como a dotación de vivenda pública suficiente, executando novas promocións de vivenda pública distribuídas por todo o tecido urbano.

Participación

As mudanzas que se produciron nos últimos anos na sociedade, na economía ou na política non nos poden deixar impasíbeis. Non podemos caer na resignación, no individualismo, en procurar salvacións á desesperada. É máis que nunca tempo de compromiso, de activismo, de implicación, de participación, de procura de respostas colectivas para facerlle fronte a un sistema cada vez máis cruel e inxusto.

Os concellos son os espazos propicios para profundar na democracia directa, na participación social e na democratización na toma de decisións. En consecuencia, desde o BNG asumimos o compromiso de garantir mecanismos de participación tanto no nivel sectorial como territorial.

- Promover a máxima transparencia en toda a actividade municipal, empregando as tecnoloxías da comunicación para dar conta especialmente dos acordos e decisións adoptadas.
- Facer que as xestións e o tramites coa Administración resulten fáciles e cómodos, prestando un servizo de calidade co compromiso das persoas que desempeñan as tarefas de xestión pública.
- Minimizar os tempos de espera, prestando un servizo dilixente, tendo especial atención cos colectivos de persoas que poidan presentar dificultades para exercer os seus dereitos.
- Normalizar o uso dunha linguaxe non sexista nas comunicacións da Administración local, coidando tamén o uso da imaxe das mulleres nas campañas municipais.
- Readaptar o uso dos espazos públicos en función das súas características e optimizar os recursos destinados ao asociacionismo.

Cultura

O BNG considera que unha política cultural verdadeiramente enraizada no país contribúe de modo crucial para o noso autocoñecemento e autovaloración como pobo, para alén de ser a base esencial para o desenvolvemento social e económico. Por iso, asumimos a política de promoción, divulgación e impulso á creación de cultura como un eixo central da nosa actuación municipal.

Os bens culturais non son elementos illados da súa contorna. Pola contra, deben ser considerados como parte do territorio e da comunidade. É así como adquiren valor real, opcións de uso e goce, e compromiso coa súa conservación e promoción. Por tanto, é mediante a rexeneración, a dinamización e a promoción do espazo público, a súa revalorización como escenarios de relación social, de convivencia e lecer, como se debe entender a posta en valor dos bens culturais, como parte dunha rica tradición, dunha identidade vizosa, mais sobre todo como instrumentos de cohesión social, de actividade comunitaria, de dinamismo socioeconómico e de proxección do concello.

- Continuar coa promoción do tecido cultural lucense, dando presenza ás agrupacións locais en todas as programacións do Concello.
- Consolidar o programa Muralleando, iniciado polo BNG neste mandato como o gran festival dos grupos musicais de Lugo, enchendo de cultura as tardes do verán.
- Ampliar o número de locais de ensaio e facilitar o acceso a eles cuns procedementos sinxelos.
- Promover os contidos culturais vencellados ao país na programación cultural.

- Facilitar medios de divulgación da actividade cultural que se xere por parte de entidades e asociacións e actuar como axente de coordinación da actividade cultural promovida polas diferentes institucións, tamén na divulgación da Muralla e do Camiño Primitivo
- Promocionar o uso do galego entre as e os estudantes a través do programa Enredando co Galego.
- Continuar no proxecto Culturban, transformando os espazos públicos con murais, especialmente nas medianeiras, convertendo a Lugo nun referente da arte urbana.
- Incrementar a aposta musical da Escola Municipal de Música e apostar pola música na rúa.
- Fomentar a industria cultural galega, especialmente nas artes escénicas, continuando coa programación específica de danza, teatro e investigación.
- Apoiar o libro galego e as publicacións periódicas e diarias en lingua galega.
- Traballar na divulgación cultural como parte das dúas grandes festas de Lugo, o San Froilán e o Arde Lucus.

Mocidade

Desde o BNG faremos da mocidade un dos principais eixos da nosa acción política. Trátase dunha aposta de presente e futuro, apostando pola implantación de políticas que fagan retornar á mocidade que se viu obrigada a deixar o país nos últimos anos e impidan que máis xente nova teña que emigrar.

A xente moza vive unha situación moi complexa entre unha perspectiva de desemprego ou precariedade laboral e a emigración. A falta de posibilidade, unido a unhas perspectivas de futuro que non parecen mellorar, fan preciso un desenvolvemento de políticas que apoiem en particular esta parte da poboación.

- Potenciar a creación de bolsas destinadas a tituladas superiores, para executara proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.
- Converter a Casa da Xuventude nun verdadeiro motor creativo da nosa cidade, implantando un proxecto ambicioso que impulse a creatividade, compromiso e forza da nosa mocidade
- Facilitar a apertura dos patios dos colexios en horario non lectivo para a práctica de deporte.
- Incrementar o número de canchas ao aire libre en diferentes barrios da cidade.
- Recuperación dun modelo semellante ao que no seu día foi o Elixé a túa noite, unha alternativa de ocio os venres e sábados pola noite que conte con diversas actividades que poidan ser de interese para a mocidade
- Promoción de torneos 3x3.

- Aumentar a difusión das actividades do Concello a través das redes sociais.
- Realizar campañas sobre igualdade de xénero, sexualidade segura, diversidade sexual, enfermidades habituais nesta idade (anorexia, bulimia, etc.).
- Prestar a través de Evislusa un servizo de información sobre vivenda, para que a mocidade de Lugo poidan coñecer prezos, condicións legais, etc. á hora de adquiriren unha vivenda, tanto en alugueiro como en propiedade.
- Impulsar desde o concello plans de prevención e información sobre drogas, amosando os riscos do consumo, establecendo puntos de información e axuda nos espazos de ocio nocturno.

Deporte

A promoción da práctica deportiva contribúe para fomentar hábitos de vida saudábeis entre a poboación, constitúe unha alternativa no tempo de ocio que facilita o contacto entre veciñas e veciños, o coñecemento das realidades máis próximas e fomenta valores de esforzo, respecto e amizade. O BNG desde o Goberno de Lugo apoiara a extensión da práctica deportiva popular, con inclusión da perspectiva de xénero e priorizando a democratización e fomento do deporte para todas as idades e con diferentes capacidades, abrindo totalmente as portas das infraestruturas deportivas e fomentando por igual todas as modalidades deportivas.

- Achegar a Lugo a campionatos de alto nivel de diversos deportes e de eventos de formación para adestradores e técnicos deportivos, convertendo a Lugo nun dos centros do turismo deportivo.
- Mellorar a situación das instalacións deportivas existentes, aumentando as partidas para o mantemento das mesmas e impulsando a renovación do material anticuado.
- Creación das programacións Camiña Con Nós e Roda con Nós, circuítos de camiñatas e rutas de BTT e estrada, continuando co éxito da Corre con Nós.
- Apostar pola recuperación e promoción de deportes tradicionais.
- Reformular a política de subvencións, ligándoa ao deporte base e non as SAD.
- Creación de programas que promovan o deporte e que cheguen a toda a sociedade, desde nenas e nenos ata a terceira idade sen importar a condición física previa ou as capacidades.
- Optimización e democratización do uso das instalacións deportivas municipais.

- Fomentar a práctica de actividades no medio natural co fin de afondar na importancia da conservación dos espazos naturais
- Desenvolvemento de medidas para a promoción do galego no deporte.
- Impulsar a optimización das infraestruturas dos centros educativos para a súa utilización fóra do horario lectivo, en colaboración coa administración educativa e co tecido asociativo deportivo.

Turismo

O turismo representa entre o 11,5 e o 14% do PIB galego e do noso emprego. É unha actividade económica que produce cada vez máis retorno económico no territorio. Mais esa capacidade de xeración de emprego e de economía tamén implica riscos que outros países xa coñecen e que nós estamos a tempo de atallar.

Unha política turística responsábel debe coñecer e manexar datos e fixar obxectivos. Saber o que o turismo pode dar mais tamén desde que punto o turismo quita. Precisamos modelos turísticos responsábeis, ordenados e pactados socialmente, capaces de xerar emprego mais que non lastren en favor das economías sectoriais as precarias economías municipais nin cargas inasumíbeis pola poboación residente.

O turismo é economía, e como tal debe pactarse cos sectores implicados, mais tamén debe formar parte transversalmente das políticas municipais, para planificar as oportunidades mais tamén as solucións aos problemas que a actividade turística causa habitualmente.

- Impulsar un modelo de turismo diferente, que evite as concentracións de beneficios nuns poucos mentres a veciñanza, o medio e o patrimonio padecen a maior parte das consecuencias negativas.
- Continuar coa promoción de Lugo como destino turístico sostible e de proximidade, destacando os 3 patrimónios da humanidade que se poden atopar no concello
- Recuperar o Castro da Piringalla, nova oferta turística para a cidade, que nos permitirá aumentar o noso coñecemento sobre a historia de Lugo e converternos nun importante referente do estudo arqueolóxico

- Reforzar a programación das salas museísticas municipais con actividades diversas e de interese para a veciñanza e as e os turistas.
- Atraer a Lugo eventos turísticos sectoriais de carácter profesional
- Promover os valores históricos e patrimoniais de Lugo como factor de atracción turística e de identificación nacional, dándoos a coñecer de forma contextualizada e correctamente inseridos na historia
- Acometer proxectos de sinalización de elementos de interese turístico en todo o territorio do concello.

Rural

Desde o BNG traballaremos por garantir un medio rural que sexa sostible, cunha produción alimentaria, ecolóxica e de calidade, cunha política rural propia adaptada ás condicións das 54 parroquias que conforman o noso concello, facilitando unha relación complementaria entre o medio rural e o urbano, e fomentando un desenvolvemento sostible, socialmente xusto e viable.

- Continuar a reforzar a brigada de medio rural para garantir o axeitado mantemento das pistas rurais.
- Avanzar no tratamento de viais e camiños no ámbito rural como vías de coexistencia, aumentando a comodidade e a seguranza viaria, de xeito similar ao realizado en Galegos.
- Ampliar a rede de abastecemento de auga e saneamento, estudando a implantación de medidas alternativas para a depuración das augas residuais
- Impulsar un plan de mantemento, rehabilitación e programación de actividades nas escolas rurais
- Colaboración entre o concello e as xuntas rectoras dos montes veciñais en man común para o seu aproveitamento
- Impulsar o asentamento de industrias transformadoras de produtos primarios.

Medio Ambiente

A sustentabilidade ambiental supón o compromiso da presente xeración cara a xeracións vindeiras, xorde de asumir a responsabilidade en que o patrimonio natural, as paisaxes, os territorios e o medio sexan respectados, protexidos e preservados. Favorecer a combinación de usos, a rexeneración e reutilización de espazos degradados limitando así a perda de ecosistemas e os seus servizos. Impulsar unha ordenación territorial intelixente que prime maiores densidades de poboación e potencie a combinación de usos, incentivando a reutilización e rexeneración do solo.

- Protección do Parque do Rato ante a construción da Rolda Leste
- Aposta decidida na compostaxe, buscando sempre as mellores fórmulas de colaboración interinstitucional que a fagan posíbel.
- Impulso á compostaxe doméstica e comunitaria.
- Colaboración pública coas entidades sociais e comunidades de montes para a mellora dos solos forestais e productivos coa achega de materia orgánica.
- Programa de educación ambiental e sensibilización social.
- Crear programas de eliminación de vertedoiros incontrolados, con medidas específicas de actuación para a súa erradicación.
- Crear puntos de segunda oportunidade para que as persoas poidan intercambiar aquilo que xa non precisan (enseres, bicicletas, xoguetes, etc.).
- Crear hortos urbanos municipais en diferentes zonas da cidade.
- Iniciar programas de posta en valor e protección do río Miño e dos cauces fluviais que transcorren polo concello, levando adiante unha roza acaída dos sendeiros e un mantemento mínimo do firme que permita o seu paso.

- Incrementar o sendeiro do Rato ata Albeiros e o da Fervedeira ata a Campiña.
- Dotar a Lugo de dunha zona pública de baño accesible consensuada co resto de administracións implicadas no mantemento do Río.
- Mellorar os accesos tradicionais ao Río.
- Plantación de máis de 500 árbores na zona urbana, creando zonas de sombra en todo o tecido urbano.
- Adquisición de vehículos de baixas emisións ao renovar o parque móbil municipal.
- Mellora da eficiencia enerxética nos edificios municipais.
- Apostar por unha xestión sustentábel da auga, desenvolvendo campañas sobre o uso responsábel.
- Impulsar a utilización da enerxía solar no concello de Lugo.

Un proxecto para **cambiar Lugo** candidatura do **bng**



Nº1
Rubén Arroxo Fernández
Candidato do BNG á alcaldía de Lugo



Nº2
Maite Ferreiro Tallón



Nº3
Alexandre Penas Roibas



Nº4
Cristina López Fdez.



Nº5
Felipe Rivas Jorge



Nº6
Iria Buide Pena



Nº7
M. Alberte Fdez. Fraga



Nº8
Alexandre Espiño Castro



Nº9
Natalia Cabana Rancano



Nº10
X. Lois Varela Piñeiro



Nº11
Beatriz Cedrón Vilar



Nº12
Lois Neto López



Nº13
Beatriz López Dorado



Nº14
Carme Longarela Pena



Nº15
Xosé Paz Fernández



Nº16
Sandra Sánchez Pérez



Nº17
Pedro Guerreiro Iglesias



Nº18
Beatriz Pérez Traseira



Nº19
Avelino Basanta Regueira



Nº20
Sabela López Núñez



Nº21
Pedro Piñado García-Xesto



Nº22
Carme Pérez Arjas



Nº23
Francisco Ulloa Pardo



Nº24
Rexina Álvarez Prada



Nº25
Marica Campo Domínguez